



INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR A SOLICITUDE DE ADMISIÓN DE MATRÍCULA PARA O CURSO 2017-2018

• **HAI DOUS XEITOS DE FACER A SOLICITUDE:**

- 1.- Cubrindo os impresos de solicitude que se entregan no centro (ou se imprimen dende a web) e presentándoos en secretaría nas datas indicadas.
- 2.- Telemáticamente: <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>. Obtense un código que debe presentarse no noso centro.

• **PRAZO:** Do 1 ao 20 de marzo.

• **DOCUMENTACIÓN:**

- **Anexo II** (*totalmente cumprimentado e sen estar corrixido nin emendado*)
- **Anexo A**
- **Libro de familia** (*orixinal e copia de todas as follas*)

• **INSTRUCCIÓN:**

- Só se pode presentar **unha única solicitude** no centro no que solicite praza en primeiro lugar e que terá carácter vinculante (*a presentación de máis dunha instancia determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan correspondelle*).
- A solicitude terá que estar asinada por calquera das/os titulares da patria potestade ou representantes legais.
- No caso de **separación ou divorcio** será necesaria a sinatura de ambas/os proxenitoras/es, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. (*en ambos casos, será necesario presentar, xunto coa solicitude de admisión, a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo*).
- Cada solicitude terá **obrigatoriamente** que conter unha relación de ata **seis centros**, por orde de preferencia.
- Os alumnos que procedan dun centro e que presenten solicitude de admisión noutro distinto **deberán comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe**.

• **AVISO:**

- De existir máis solicitudes que prazas, haberá que presentar a documentación necesaria para realizar a **baremación**.
- O prazo para presentar esta documentación será do **25 de marzo ao 8 de abril**.
- Cada familia deberá atender á esta necesidade informándose no centro ou chamando ao 986213713.
- A **non presentación** de esta documentación suporá a **renuncia** de puntuación polo apartado correspondente.

• **BAREMACIÓN:**

Existencia de irmás ou irmáns no centro

Por unha irmá/n matriculado no centro 8 puntos.

Polo segunda e seguintes irmás ou irmáns matriculados no centro 2 puntos por cada un.

Por ser traballador/a do propio centro 3 puntos.

Por proximidade do domicilio familiar ao centro

Se o domicilio familiar se atopa na área de influencia do centro 6 puntos.

Se o domicilio familiar se atopa nas áreas limítrofes á área de influencia do centro 3 puntos.

Se o domicilio familiar se atopa noutras áreas 0 puntos.

Pola proximidade do lugar de traballo ao centro

Lugar de traballo da proxenitora, proxenitor ou titores, situado dentro da área de influencia do centro 4 puntos.

Lugar de traballo da proxenitora, proxenitor ou titores, situado nas áreas limítrofes á área de influencia do centro 2 puntos.

Lugar de traballo da proxenitora, proxenitor ou titores, situado noutras áreas 0 puntos.

Por condición de familia numerosa

Por familia numerosa de categoría especial 3 puntos.

Por familia numerosa de categoría xeral 2 puntos.

Por condición de familia monoparental 2 puntos.

Por renda per cápita da unidade familiar. O valor da renda obtense das casiñas 415+435, de todas as declaracións da Renda 2017 da unidade familiar. Divídese ese valor entre o número de membros da unidade familiar para obter a renda per cápita.

Renda per cápita inferior a 0,5 veces o IPREM (3.227,01 €) 3 puntos.

Renda per cápita igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM (entre 3.227,01 € e 4.840,52 €) 2 puntos.

Renda per cápita igual ou superior a 0,75 veces o IPREM e inferior a o IPREM (entre 4.840,52 € e 6.454,03 €) 1 punto.

Ingresos iguais ou superiores ao IPREM (6454,03 €) 0 puntos.

Por discapacidade

Da alumna ou alumno 4 puntos.

Dalgún dos proxenitores ou titores 3 puntos.

Dalgunha das irmás ou irmáns da alumna ou alumno 1 punto por cada un.